

CULTISMOS, SEMICULTISMOS E PALABRAS PATRIMONIAIS. FAMILIAS LÉXICAS IRREGULARES.

Case todas as palabras que compoñen o léxico galego proceden do latín vulgar. As diversas linguas románicas fóronse formando porque o latín foi diferenciándose pouco a pouco nos distintos territorios do Imperio Romano; esta diferenciación produciuse por diferentes motivos:

- As propias diferenzas que existían entre o latín que chegou a unhas zonas e outras.
- Polas influencias lingüísticas que deixaron as linguas autóctonas que se falaban antes da chegada do latín nos diferentes territorios (substrato lingüístico).
- Polas influencias de linguas posteriores que foron chegando a eses territorios ao longo da historia (superestrato lingüístico)¹.

Étimo. Raíz ou palabra da que procede outra.

P.e. étimo ACQUA (lt.) → auga (galego), agua (castelán), água (portugués), aigua (catalán), eau (francés), acqua (italiano).

Palabras patrimoniais. Palabras presentes nunha lingua desde a época da súa formación. Estas palabras foron evolucionando e sufrindo distintos cambios ao longo dos séculos.

Cultismos. Palabras que entraron tomadas directamente do latín ou do grego en diferentes épocas da historia. Estas palabras non evolucionaron como as patrimoniais, pois chegaron despois de que tiveran lugar as transformacións na lingua.

Étimos: LACTE(M), NOCTE(M). Resultados:

- Palabras patrimoniais → leite, noite. Nestes casos o grupo latino -CT- evolucionou a -it-: leite e noite son palabras patrimoniais.
- Cultismos → Lácteo, nocturno. Conservan o grupo -CT- sen evolucionar (entraron no galego despois de que se dera ese cambio). Son cultismos, e por iso conservan o grupo -CT- tal como estaba en latín.

Semicultismos. Palabras que están a medio camiño entre as patrimoniais e os cultismos: son palabras que se incorporaron tardiamente e tiveron unha evolución incompleta.

Étimo latino	Palabras patrimoniais	Semicultismos	Cultismos
PLENA	chea	preamar	plena

Familias léxicas irregulares. Conxunto de palabras que proceden do mesmo étimo latino, pero que actualmente non presentan o mesmo lexema: nas familias léxicas irregulares hai palabras patrimoniais (que evolucionaron) e cultismos (que manteñen a forma latina). Exemplos:

Étimo latino	Palabras patrimoniais	Cultismos e semicultismos
LUNA	Lúa, luar (luz da lúa)...	Lunar (adx. “relativo á lúa”), lunático
PERSONA	Persoa, persoal, persoalmente	Personaxe, personalidade, personalizar...
GENERARE	Xerar, xeral (adx.), xeración	Xeneral (“militar”), dexenerar, xeneralizar...
ORDINE	A orde	Ordenar, desordenar, ordenación, ordenamento...
DOLORE	Dor, dorido, doer, doente...	Dolor
COLORE	Cor	Color
LUMINE	Lume, alumear...	Luminoso, iluminar, luminaria...

Nestes casos, a irregularidade débese á presenza dun -L- ou -N- intervocálicos:

- Nas palabras patrimoniais, esas consoantes perdéronse no paso do latín ao galego.
- Nos cultismos, que se incorporaron á lingua despois da desaparición de -L- ou -N- intervocálicos, mantéñense esas consoantes.

Dobletes. Dun mesmo étimo latino derivan dúas palabras, unha patrimonial e un cultismo. Son dobletes pleno (cult) / cheo (patr.) [do lt. PLENU]; plano (cult.) / chan (patr.) [do lt. PLANU]; colocar (cult.) / colgar (patr.) [do lt. COLLOCARE]; medicina (cult.) / menciña (patr.) [do lt. MEDICINA]...

¹ Á parte do substrato, estrato e superestrato teríamos as achegas posteriores á formación da lingua: os **préstamos** tirados doutras linguas. P.e., préstamos do francés e provenzal na época medieval (rúa, xardín...); outros galicismos máis recentes (chaqueta, bufanda...); do italiano (sonata, soneto...); do inglés (xersei, club, fútbol...); do castelán (guerrilla, tortilla...); do portugués...

A FORMACIÓN DO GALEGO

SUPERESTRATO	ÁRABES		s. VIII	Almofada, oxalá
	XERMANOS		s. V	Antropónimos: Elvira, Carlos Topónimos: -riz Vida militar: guerra
ESTRATO LATINO	ROMANIZACIÓN: Latín vulgar		s. I a.C.	
SUBSTRATO	INDOEUROPEO	Celtas	600 a.C.	Berce Xentilicios: -ego Topónimos -obre, -ebre, -obe
		Paraceltas	800 a.C.	Cabana
	PREINDOEUROPEO		Neolítico Paleolít?	Amorodo, toxo